

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A S.A.M.I. CATEDRAL DE SANTIAGO PARA A
CREACIÓN DA CÁTEDRA INSTITUCIONAL DO “CAMIÑO DE SANTIAGO E AS
PEREGRINACIÓNS”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela e coa S.A.M.I. Catedral de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Regular as condicións básicas segundo as cales se creará e rexerá a Cátedra do Camiño de Santiago e as peregrinacións coa finalidade de fomentar a investigación, docencia e difusión dos coñecementos do Camiño de Santiago e a peregrinación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia apoia as iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e a formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación do Camiño de Santiago, clave no desenvolvemento económico e social de Galicia

Terceiro.- A S.A.M.I. Catedral de Santiago, meta da peregrinación xacobeá, garda a memoria e conserva as pegadas que os peregrinos foron deixando ao longo da Historia. Legado que adquire a múltiple forma e variedade da produción artística, documental e espiritual/evocativa/significativa que se fai patente na magnificencia dos bens culturais materiais e inmateriais que a configuran.



Ademais, e desde as súas orixes, a Catedral procurou a promoción da cultura, o saber e a súa transmisión xunto coa asistencia, acollida e coidado dos peregrinos en todas as súas diversas circunstancias. Igualmente na actualidade segue sendo obxecto de estudo e investigación e suxeito activo e promotor das devanditas actividades a través de publicacións, congresos e outros medios.

Cuarto.- Que a Axencia Turismo de Galicia está interesada en promover a docencia, investigación, desenvolvemento e a innovación do Camiño de Santiago e a peregrinación, polo que desexa colaborar coa USC e coa Catedral de Santiago, creando conxuntamente a Cátedra do Camiño de Santiago e as Peregrinacións.

Quinto. A través deste convenio, outórgase á Universidade de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

